

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

*RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2019 pola que se dá publicidade da Instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

O 26 de xullo de 2019 a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e o conselleiro de Cultura e Turismo asinaron a Instrución interpretativa conxunta para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, ditada o 26 de xullo de 2019, como anexo a esta resolución.

Tendo en conta que a dita instrución sinala na exposición de motivos que «De acordo coas finalidades desta instrución, antes expresadas, para que as administracións locais e a cidadanía poidan coñecer os criterios que seguirá a Administración autonómica nesta materia, considérase necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da súa difusión de acordo co previsto na lexislación en materia de transparencia», e ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público,

**RESOLVO:**

Ordenar a publicación da Instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, ditada o 26 de xullo de 2019, como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

Heriberto García Porto  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo



## ANEXO

**Instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia**

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, ten como finalidade esencial que a través da rehabilitación, da rexeneración e a renovación poida conservarse o rico patrimonio edificatorio, tanto no ámbito rural como nas vilas e cidades galegas, manter os seus usos característicos e a súa poboación tradicional, e tamén atraer as novas xeracións para que se poidan asentar en espazos renovados. Todo isto desde a perspectiva de que a mellor forma de conservar é habitar, ocupar os espazos e xerar actividade.

Para iso é necesario superar a situación de deterioración de moitos ámbitos, tanto urbanos coma rurais, loitando contra as causas do abandono, non só dun rico patrimonio cultural senón tamén do núcleo poboacional no cal se insiren.

Entre as ferramentas que a lei prevé como adecuadas para acadar estes obxectivos está a regulación específica das intervencións que se poden acometer nos edificios con protección cultural ou que están situados en ámbitos de protección de bens culturais, eliminando as barreiras á rehabilitación cando esta sexa plenamente compatible coa protección dos elementos e das edificacións que a merezan. A lei procura ese obxectivo distinguindo claramente entre os distintos niveis de protección cultural dos edificios, ou do contorno en que se sitúan, de modo que se poidan facilitar e axilizar aquelas actuacións de recuperación do noso patrimonio edificatorio que, ao non afectaren os valores protexidos, sexan plenamente compatibles coa protección cultural.

Esta regulación específica das intervencións en edificios protexidos ou situados en ámbitos territoriais merecedores de protección cultural está incluída nas seccións 1ª e 2ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril.

A sección 1ª, que abarca os artigos 40 a 43 da Lei 1/2019, do 22 de abril, establece determinadas normas, aplicables de inmediato, que modulan as determinacións do planeamento xeral ou dos plans especiais anteriores á lei, para poder así reducir aquelas barreiras á rehabilitación que foron reguladas con carácter xeral nos correspondentes plans.



As normas da sección 1ª, tras estableceren o ámbito dos edificios a que se poden aplicar, regulan unha serie de actuacións permitidas en función do nivel de protección da edificación, de tal xeito que, atendendo aos diferentes niveis e sen descoidar a debida protección do inmovible nin do ámbito onde se localiza, poidan acometese as intervencións que permitan dar ás edificacións os niveis de prestacións e confort actualmente requiridos e posibilitar a súa recuperación e ocupación, o que, como afirma o lexislador, constitúe, sen dúbida, a mellor forma de conservación do patrimonio.

Como sinala a lei, estas normas prevalecerán sobre os instrumentos de planeamento e catálogos aprobados con anterioridade á aprobación da lei e deberán ser incorporadas aos que se aproben con posterioridade, salvo que, excepcional e motivadamente, os plans especiais de protección exclúan a aplicación dalgunha destas normas por necesidade específica de protección cultural.

Dado que a lei regula as actuacións que se realicen nos edificios en función dos niveis de protección cultural que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a sección 1ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, indica que as normas de aplicación directa serán aplicables aos concellos que nos seus instrumentos de planeamento teñan aprobados catálogos adaptados á Lei 5/2016, do 4 de maio, e, polo tanto, adaptados aos niveis de protección que regula a dita lei.

No caso dos concellos que non teñan aprobado un catálogo de protección adaptado ás determinacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, de acordo co artigo 40.3 da Lei 1/2019, do 22 de abril, será de aplicación o previsto na disposición transitoria primeira, que establece que para a aplicación destas normas de aplicación directa a homoxeneización dos niveis de protección se realizará mediante resolución da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, por solicitude do concello correspondente.

Pola súa parte, a sección 2ª do capítulo V do título I da lei, co ánimo de potenciar a recuperación de edificios e simplificar trámites, cando isto é compatible coa protección dos bens culturais, regula que actuacións, das permitidas nos edificios singularmente protexidos ou situados en ámbitos con protección cultural, poderán acometerse directamente coas licenzas que outorgue o concello respectivo, sen necesidade da autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Polo tanto, e dado que a aplicación das normas das seccións 1ª e 2ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, require tamén a aplicación da regulación da Lei 5/2016, do 4 de maio, considérase necesario fixar pautas de interpretación e de apli-



cación coherentes cos textos legais citados, que permitan coñecer e dar publicidade aos criterios que adoptará a Administración autonómica na aplicación da norma, para contribuír á mellor coordinación entre os órganos da Administración autonómica e facilitar o coñecemento e aplicación da norma polos órganos competentes das administracións locais e pola cidadanía, outorgando así maior seguridade xurídica ao proceso de rehabilitación.

A presente instrución ten a natureza establecida no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que vai dirixida aos órganos e entidades administrativas dependentes das correspondentes consellerías. Deste modo, de acordo co artigo 37.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, non se consideran, en ningún caso, disposicións ditadas no exercicio da potestade regulamentaria.

De acordo coas finalidades desta instrución, antes expresadas, para que as administracións locais e a cidadanía poidan coñecer os criterios que seguirá a Administración autonómica nesta materia, considérase necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da súa difusión de acordo co previsto na lexislación en materia de transparencia.

Esta instrución fundaméntase nas seguintes competencias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo:

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito ao dito departamento en virtude do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. Pola súa parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo é o organismo ao cal lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 1 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

As competencias da Consellería de Cultura e Turismo para conceder autorizacións e emitir informes en materia de patrimonio cultural, de conformidade co previsto no artigo 13.1 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e no que as ditas competencias se desenvolven a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



Polo exposto, apróbase a presente instrución interpretativa conxunta das persoas titulares das consellerías competentes en materia de vivenda e de patrimonio cultural, para a aplicación das disposicións previstas nas seccións 1ª e 2ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril.

Primeiro. *Obxecto*

Esta instrución ten por obxecto establecer os criterios que seguirán as consellerías que a formalizan na interpretación da regulación contida na seccións 1ª, Normas de aplicación directa (artigos 40, 41, 42 e 43), e na sección 2ª, Licenzas directas (artigo 44), do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Segundo. *Ámbito de aplicación*

Conforme o disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril, o ámbito de aplicación desta instrución abarca as intervencións que están permitidas polas normas de aplicación directa e polas normas de licenza directa incluídas nas seccións 1ª e 2ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, e que se realicen nos:

– Edificios incluídos no ámbito territorial das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

– Edificios incluídos nos contornos de protección e zonas de amortecemento dos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio.

– Edificios incluídos en ámbitos sobre os que hai obriga legal de redactar un plan especial de protección do patrimonio cultural, estea ou non aprobado.

– Edificios catalogados co nivel de protección ambiental ou estrutural.

Terceira. *Normas de aplicación directa da sección 1ª do capítulo V do título I*

I. *Ámbitos afectados.*

A sección 1ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, que leva por título Normas de aplicación directa, inclúe os artigos 40, 41, 42 e 43.



O artigo 40 establece que as determinacións previstas na citada sección serán de aplicación:

– Aos edificios incluídos no ámbito territorial:

- Das categorías de bens definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio.
- Dos contornos de protección e zonas de amortecemento das categorías de bens definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio.

– Aos edificios incluídos nos ámbitos sobre os cales exista a obriga legal de redactar un plan especial de protección do patrimonio cultural, estea ou non aprobado.

Porén, establece que as ditas determinacións non serán de aplicación aos inmobles individualmente declarados bens de interese cultural (en diante, BIC) nin aos catalogados que teñan un nivel de protección integral.

O artigo 41 regula as actuacións que se poden acometer nos edificios con protección cultural ambiental ou nivel de protección asimilable.

O artigo 42 regula normas de directa aplicación ás actuacións nos edificios con protección cultural estrutural ou nivel de protección asimilable.

O artigo 43 regula as actuacións permitidas nos edificios sinalados e que poden afectar a estrutura parcelaria orixinal.

Á vista da regulación dos edificios a que lles resultan aplicables as normas de aplicación directa e da regulación das actuacións que se poden acometer, procede clarificar as actuacións concretas que poden acometerse nos edificios segundo os niveis de protección asignados de acordo coas determinacións da Lei 5/2016, do 4 de maio.

II. Actuacións en edificios con nivel de protección ambiental ou nivel de protección asimilable.

Segundo dispón o artigo 41 da Lei 1/2019, do 22 de abril, nos edificios con nivel de protección ambiental ou con outro nivel de protección asimilable estará permitida calquera actuación no interior sempre que se respecten:

a) A imaxe exterior do edificio.



b) A posición dos forxados. Non será preciso respectar esta condición cando a altura libre entre forxados da edificación sexa inferior a 2,40 m.

c) A estrutura do parcelario orixinal.

O número 2 do artigo 41 sinala que, así mesmo, estarán permitidas as demolicións e a reforma da fachada e dos elementos visibles desde a vía pública cando o proxecto que estableza as actuacións supoña unha axeitada restauración, unha fiel reconstrución ou planee unha remodelación ou unha construción alternativa cun deseño que respecte o carácter do inmovible e do contorno protexido e sempre que non afecte fachadas ou elementos singulares especificamente protexidos pola ficha do catálogo ou do documento de catalogación do ben.

Para a maior claridade dos puntos anteriores, en consonancia coa Lei 5/2016, do 4 de maio, que establece que para os bens catalogados con protección ambiental debe quedar garantido que se preserven aqueles aspectos que conforman o ambiente dun lugar dunha forma homoxénea e harmoniosa, faise necesario concretar o alcance dos seguintes conceptos legais:

– Para os efectos do previsto no artigo 41.1.a), entenderase que unha actuación respecta a imaxe exterior do edificio cando non afecte ningún elemento da envolvente exterior visible desde a vía pública.

– Para os efectos do previsto no punto anterior e no número 2 do artigo 41, entenderase por vía pública calquera espazo exterior de acceso público.

– Para os efectos do previsto no artigo 41.1.c), considerarase que se respecta a estrutura do parcelario cando a actuación non afecta a estrutura parcelaria orixinaria ou cando, afectándoa, se trata dalgunha das intervencións permitidas por aplicación do artigo 43 da Lei 1/2019, do 22 de abril.

– Para os efectos da exixencia prevista no artigo 41.2 de que o proxecto de actuación supoña «unha axeitada restauración, unha fiel reconstrución ou planee unha remodelación ou unha construción alternativa cun deseño que respecte o carácter do inmovible e do contorno protexido», entenderase que:

a) As actuacións de restauración e reconstrución son as que se definen no artigo 40 da Lei 5/2016, do 4 de maio.





b) O deseño dunha remodelación ou construción alternativa respecta o carácter do inmovible ou do contorno protexido cando o novo deseño cumpre as determinacións compositivas e as relativas a materiais e cores dos elementos arquitectónicos que constitúen a envolvente da edificación, visibles desde a vía pública, que o planeamento, a declaración de BIC ou o catálogo correspondente estableza para ese ámbito.

No caso de non estaren regulados estes aspectos no planeamento existente, na resolución de declaración de BIC ou no catálogo ou acordo de catalogación do ben, as intervencións terán que resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito, e procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben.

No tocante aos bens catalogados con nivel de protección ambiental debe entenderse que lles resultan de aplicación as normas de aplicación directa da sección 1ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, non só se están incluídos no ámbito territorial de bens do patrimonio cultural ou no contorno de protección ou zona de amortecemento dos bens culturais, senón tamén aos que non están incluídos neses ámbitos territoriais.

E isto por aplicación dos niveis de protección previstos na Lei 5/2016, do 4 de maio, dado que os inmobles catalogados con nivel de protección ambiental situados nalgúns dos ámbitos territoriais indicados son bens sobre os que existe unha dobre protección: a que existe sobre o inmovible en que se actúa e a que afecta outro ben protexido en cuxo ámbito se sitúa. Polo tanto, debe entenderse que as normas de aplicación directa tamén se aplicarán cando se actúe sobre edificios illados catalogados con nivel de protección ambiental.

III. Actuacións en edificios con nivel de protección estrutural ou nivel de protección asimilable.

De conformidade co sinalado no número 1 do artigo 42 da Lei 1/2019, do 22 de abril, nos edificios con nivel de protección estrutural ou con outro nivel de protección asimilable, cando esta non afecte os elementos ou as características singulares dos edificios que deben ser conservados ou repostos, e non entre en contradición con eles, estarán permitidas as mesmas actuacións que nos edificios con nivel de protección ambiental sinaladas no artigo 41.

O número 2 do artigo 42 permite tamén os baleirados parciais que non afecten os elementos que xustificaron a necesidade da protección estrutural e sinala que cando estes





elementos sexan exclusivamente elementos da fachada se permitirán baleirados totais da edificación.

Para a maior claridade do precepto legal e en consonancia coa Lei 5/2016, do 4 de maio, que establece que nos bens de protección estrutural debe garantirse a conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como aqueles outros que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural, nos edificios con nivel de protección estrutural faise necesario concretar o alcance dos seguintes conceptos legais:

a) Para os efectos do artigo 42.1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, entenderase por elementos ou características singulares do edificio que deben ser conservados ou repostos aqueles que de xeito expreso se recollan no planeamento en que se estableceu o nivel de protección do ben, na resolución de declaración de BIC ou no catálogo ou acordo de catalogación do ben.

b) Para os efectos do artigo 42.1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, entenderase que unha actuación non entra en contradición cos elementos ou características que deban ser conservados cando cumpra as seguintes condicións:

1º. Que non figure expresamente prohibida no planeamento en que se estableceu o nivel de protección do ben, na resolución de declaración de BIC ou no catálogo ou acordo de catalogación do ben.

2º. Non implique unha imposibilidade de contemplación do elemento ou altere de forma significativa o modo en que se percibe o elemento no contexto do inmovible.

3º. Non se intervén sobre os elementos especificamente protexidos e non se alteran as características do ben especificamente protexidas.

No tocante aos bens catalogados con nivel de protección estrutural debe entenderse que lles resultan de aplicación as normas de aplicación directa da sección 1 do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, non só se están incluídos no ámbito territorial de bens do patrimonio cultural ou no contorno de protección ou zona de amortecemento dos bens culturais, senón tamén aos que non están incluídos neses ámbitos territoriais.

E isto por aplicación dos niveis de protección previstos na Lei 5/2016, do 4 de maio, dado que os inmovibles catalogados con nivel de protección estrutural situados nalgúns dos ámbitos territoriais indicados son bens sobre os que existe unha dobre protección, a que



existe sobre o inmovible sobre o que se actúa e a que afecta outro ben protexido en cuxo ámbito se sitúa. Polo tanto, debe entenderse que as normas de aplicación directa tamén se aplicarán cando se actúe sobre edificios illados catalogados con nivel de protección estrutural.

#### IV. Actuacións en edificios que afecten a estrutura parcelaria orixinal.

No artigo 43 da Lei 1/2019, do 22 de abril, permítese a realización dunha serie de intervencións nos edificios con nivel de protección ambiental ou estrutural ou con outros niveis de protección asimilable, respectando os elementos, os materiais e mais as características da edificación singularmente protexidos, sempre que se manteña a referencia á estrutura parcelaria orixinal.

Resulta, polo tanto, necesario determinar que debe entenderse por actuación que manteña a referencia á estrutura parcelaria orixinal, debendo considerarse que se cumpre a dita condición legal cando se manteñan total ou parcialmente os muros medianeiros das edificacións orixinais ou se constrúan novos muros ou tabiques na posición destes. Tanto os muros medianeiros como os que, se é o caso, se constrúan de novo poderán interromperse para dar plena satisfacción ás necesidades funcionais do novo programa do/s edificio/s, así como para resolver axeitadamente as comunicacións interiores do conxunto.

No artigo 43 da Lei 1/2019, do 22 de abril, regúlase expresamente a posibilidade e as condicións das intervencións que afectan a estrutura parcelaria orixinal nos edificios con nivel de protección ambiental ou estrutural ou con outros niveis de protección asimilable.

#### Cuarto. *Licenzas directas*

I. Edificios aos cales resultan de aplicación as normas da sección 2ª, Licenzas directas, incluída no capítulo V do título I.

A sección 2ª do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, consta dun só artigo, o artigo 44.

O dito artigo 44 regula determinadas actuacións que poderán ser obxecto dunha licenza directa por parte do concello, sen necesidade de autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, cando se realicen en:

– Edificios incluídos no ámbito dos bens de carácter territorial das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio.



– Edificios incluídos no contorno de protección e zona de amortecemento de inmobles singulares declarados BIC ou catalogados, exista ou non plan especial de protección e con independencia do establecido neste.

– Edificios catalogados con protección ambiental ou estrutural ou nivel de protección asimilable.

Procede clarificar, con base na citada regulación legal, as actuacións que poden acometerse nos edificios incluídos no ámbito de aplicación da sección 2ª do capítulo V do título I, partindo das categorías dos bens do patrimonio cultural de Galicia que distingue entre BIC e os catalogados, e que, dentro dos bens catalogados, distingue entre nivel de protección integral, estrutural e ambiental.

II. Actuacións en edificios sen protección cultural específica situados na zona de amortecemento dun inmovible singular declarado BIC ou catalogado.

Conforme o previsto no artigo 44.1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, nos edificios que estean incluídos no ámbito dos bens de carácter territorial das categorías da Lei 5/2016, do 4 de maio, e incluídos na zona de amortecemento de inmobles declarados BIC ou catalogados, non será precisa a autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, previa á concesión da licenza, cando se trate de actuacións que non afecten a envolvente exterior do edificio.

E conforme o número 2 do artigo 44, nestes edificios non será precisa autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, previa á concesión da licenza, cando se trate de actuacións no interior que non afecten os valores culturais nin os elementos especificamente protexidos do ben en cuxa zona de protección se sitúa o inmovible, e consistan en intervencións sobre as carpintarías exteriores, acabamentos de fachada ou cambios de cuberta.

Porén, este artigo debe ser posto en coordinación co disposto no artigo 47 da Lei 5/2016, do 4 de maio, que establece que na zona de amortecemento poderán realizarse todo tipo de obras e instalacións fixas e desmontables sen necesidade da autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, salvo cando así o determine a declaración de BIC ou a inclusión singularizada no catálogo, e cando se trate das intervencións que se enumeran no número 2 do artigo 47 da Lei 5/2016, do 4 de maio.



Deste xeito, e pola interpretación coordinada de ambos os artigos, nos edificios sen protección específica situados na zona de amortecemento dun inmovible singular declarado BIC ou dun ben catalogado só se precisará autorización da consellería competente en materia de protección cultural, aínda que afecten a envolvente exterior, cando así o exixa a declaración do BIC ou a inclusión singularizada no catálogo e se trate das intervencións previstas no artigo 47.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio.

III. Actuacións en edificios sen protección cultural específica situados no contorno de protección dun inmovible singular declarado BIC ou dun ben catalogado.

Conforme o previsto no artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril, nos edificios sen protección cultural específica situados no contorno de protección dun inmovible singular declarado BIC ou dun ben catalogado non será precisa a autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, previa á concesión da licenza, cando se trate de actuacións que non afecten a envolvente exterior, ou se trate de actuacións consistentes en actuacións no interior, carpintarías exteriores, acabamentos de fachada ou cambios de cuberta, sempre que non afecten os valores culturais nin os elementos especificamente protexidos do ben en cuxa zona de protección se sitúa o inmovible.

IV. Actuacións en edificios sen protección cultural específica situados no ámbito dun ben protexido de carácter territorial

Conforme o previsto no artigo 44.1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, nos edificios sen protección cultural específica situados no ámbito dos bens de carácter territorial das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, non será precisa a autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, previa á concesión da licenza, cando se trate de actuacións que non afecten a envolvente exterior.

Porén, no número 2 do artigo 44 cando se permiten as intervencións que consistan en actuacións no interior e determinadas actuacións que afecten a envolvente exterior, como carpintarías exteriores, acabamentos de fachada e cambios de cuberta, non se citan expresamente os edificios incluídos no ámbito dos bens territoriais das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio. Porén, si permite as ditas intervencións naqueles edificios que, situados no ámbito destes bens culturais, sexan bens catalogados con protección ambiental ou estrutural ou nivel de protección asimilable.

Polo tanto, debe interpretarse que cando o edificio se atope no ámbito dun ben protexido de carácter territorial, atendendo ao sistema de protección dos valores culturais que



establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, segundo os niveis de protección dos bens, aos bens sen valores culturais específicos merecentes de protección e situados no ámbito dun ben protexido de carácter territorial deberán aplicarse as mesmas condicións que as previstas para os edificios que, localizados no mesmo ámbito, contan cun maior nivel de protección: os edificios catalogados con nivel de protección ambiental ou estrutural.

Polo tanto, non será preciso obter a autorización previa da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural cando se trate de actuacións que non afecten a súa envolvente exterior ou que, afectándoa, consistan en intervencións sobre as carpintarías exteriores, acabamentos de fachada ou cambios de cuberta sempre que non afecten os seus valores culturais ou os elementos especificamente protexidos do ben en cuxo ámbito se encontran.

Tampouco será preciso obter autorización previa para as actuacións indicadas no número 3 do artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril.

#### V. Actuacións en edificios con protección ambiental ou estrutural

Conforme o artigo 44.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, nestes edificios non será preciso obter a autorización previa da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, cando se trate de actuacións que non afecten a súa envolvente exterior ou que, afectándoa, consistan en intervencións sobre as carpintarías exteriores, acabamentos de fachada ou cambios de cuberta. Todo isto sempre que se trate de actuacións que non afecten os valores culturais nin os elementos especificamente protexidos do propio inmovible onde se actúa.

Tampouco será preciso obter autorización previa para as actuacións indicadas no número 3 do artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril.

VI. Determinación das actuacións que non afectan os valores culturais dun ben obxecto de protección nin os seus elementos especificamente protexidos.

De conformidade co artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril, as actuacións que se permiten sen necesidade de autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural non poden afectar os valores culturais nin do inmovible onde se acometen as actuacións nin do inmovible en cuxo ámbito territorial, contorno de protección ou zona de amortecemento está o edificio sobre o que se vai intervir.



Para garantir que unha actuación nun edificio é respectuosa cos valores culturais debe atenderse tanto aos valores culturais do ben sobre o que se actúa (no caso en que este sexa un ben con protección ambiental ou estrutural), como aos valores culturais do ben protexido en cuxo ámbito territorial, zona de protección ou zona de amortecemento se sitúa o inmovible sobre o que se pretende intervir.

Resulta, polo tanto, necesario precisar a interpretación que deba darse á exigencia legal de respectar os valores culturais protexidos para poder acometer determinadas actuacións en edificios sen necesidade de contar coa autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

a) Respecto aos valores culturais do ben con nivel de protección ambiental, estrutural ou asimilable, sobre o que se intervén.

Para considerar que unha actuación non afecta os valores culturais dun ben catalogado sobre o que se intervén, nin os seus elementos especificamente protexidos, a actuación deberá cumprir as seguintes condicións:

1º. Que non figure expresamente prohibida no planeamento en que se estableceu o nivel de protección do ben ou no catálogo ou acordo de catalogación do ben.

2º. Que non implique unha imposibilidade de contemplación do elemento ou altere de forma significativa o modo en que se percibe o elemento no contexto do inmovible.

3º. Que non se interveña sobre os elementos especificamente protexidos e non se alteren as características do ben especificamente protexidas.

b) Respecto aos valores culturais do ben territorial ou do ben en cuxo ámbito de protección ou amortecemento se sitúa o inmovible sobre o que se intervén.

Deberá entenderse que unha actuación nun inmovible incluído na delimitación dun ben cultural territorial ou no contorno de protección dun BIC ou dun ben catalogado non afecta os valores culturais do dito ben de carácter territorial, BIC ou ben catalogado, ou os seus elementos especificamente protexidos nos seguintes casos:

1º. Cando as intervencións se limitan ao interior do edificio e non supoñen ningunha manifestación de cara ao exterior que poida ser percibida desde a vía pública.

2º. Cando as intervencións sobre as carpintarías exteriores consistan na pintura, reparación ou reposición da existente, sempre que se respecte a solución formal e construtiva



e os acabamentos existentes, agás nos casos en que se teña establecido por algunha condición xeral de protección do ámbito a necesaria adaptación a algún tipo orixinal característico do ámbito, caso en que deberá respectar esta condición.

3º. Cando se trate de actuacións de reparación ou substitución de cubertas, sempre que se repoña ou utilice como material de cubrición o mesmo material tradicional existente, se este é coherente coa tradición da área xeográfica en que se atopa o inmovible. Estas intervencións non poderán incluír modificacións da forma do tellado, apertura de novos ocós, construción de novas chemineas, nin modificación da solución dos beirís introducindo cornixas, voos, etc.

4º. Cando se trate de actuacións de pintura de fachadas ou das carpinterías exteriores na mesma cor existente, sempre que esta sexa coherente coa tradición da área xeográfica en que se atope o inmovible ou se axuste aos criterios de cor que se poidan definir ou orientar desde a Xunta de Galicia de acordo coa normativa aplicable.

5º. A reparación ou substitución de revestimentos se se mantén a solución formal e construtiva existente, así como as súas cores e acabamentos. Non se aplicará este criterio cando na fachada existan materiais construtivos deseñados para empregarse revestidos e que permanezan vistos ou sen rematar, como as fábricas de bloque de formigón ou tixolo visto, ou o emprego de materiais de construción en sistemas ou funcións para os cales non estean deseñados, como os revestimentos de fachadas con materiais de cobertura de cubertas ou os peches de predios e edificios con elementos de mobiliario ou refugallos industriais. Admitiranse as reparacións das impermeabilizacións de medianís e fachadas secundarias con revestimentos de placa de fibrocemento minionda ou plana sempre que como remate se pinten da mesma cor que o resto das fachadas do inmovible.

#### VII. Protección arqueolóxica.

O artigo 44.1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, establece que as actuacións sometidas a licenza directa deberán respectar as exixencias derivadas da protección arqueolóxica a que poden estar afectos os correspondentes edificios en que se actúa.

Polo tanto, debe entenderse que as determinacións da Lei 1/2019, do 22 de abril, relativas ás licenzas directas serán de aplicación sen prexuízo do cumprimento das exixencias e obtención das autorizacións que deriven especificamente da lexislación relativa á protección arqueolóxica a que poidan estar afectos os bens.

